



**AUTOMÓVIL CLUB
AS PONTES**

NOTA DE PRENSA

O AUTOMÓVIL CLUB AS PONTES ven de celebrar o pasado sábado 25 de marzo a 1ª ruta turística vila de Ortigueira, evento encadrado dentro do Open Rutas Turísticas Ferrolterra.

Os 37 participantes da 1ª RUTA TURÍSTICA VILA DE ORTIGUEIRA partiron as 16:00 h da Alameda de Ortigueira realizando unha primeira sección que os levou ata a Pizzería O Baleo, onde fixeron un pequeno descanso antes de comezar a segunda sección, que os levarían ata a Taberna O Coto, en Devesos, onde volverían a descansar e comentar entre eles as anécdotas e detalles do percorrido. De aquí partiron recorrendo a terceira sección ata rematar no lugar de inicio, a fermosa Alameda de Ortigueira. Dende onde partiron todos xuntos ata o Restaurante Orillamar onde disfrutaron dunha exquisita cea e se entregaron agasallos e premios os participantes.

Dende o AUTOMÓVIL CLUB AS PONTES queremos dar grazas a tódolos participantes por acompañarnos este sábado, onde a pesar que non nos acompañou o tempo, puidemos disfrutar de este fermoso concello e os seus lugares. Tamén queremos mostrar o noso agradecemento pola súa colaboura e disposición a:

- CONCELLO DE ORTIGUEIRA
- TALLERES TREVIN
- CARLOS AREA
- BAR LA TERRAZA DE LAURA
- MUELLE 21
- MANOLOS XANTAR
- PIZZERIA O BALEO
- BAR O COTO
- HOTEL-RESTAURANTE ORILLAMAR